



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. José Manuel Vázquez Vázquez, Alcalde-Presidente do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra), adoptou a seguinte Resolución.

Vista a proposta de adxudicación da obra de “Pavimentación de vial da Área de Reparto nº 14 do PXOM de A Illa de Arousa” da Mesa de Contratación, en xuntanza celebrada en data 05 de decembro de 2012 e que transcrita literalmente di:

“”Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade dos presentes propoñer para a adxudicación á empresa SERCOYSA Proyectos y Obras SA, por un importe de 56.733,88 euros e 11.914,12 euros en concepto de IVA, cun total de 68.648,00 euros, cunha ampliación do prazo de garantía de un ano sobre os dous anos sinalados no pliego de cláusulas administrativas particulares.””

Visto que de acordo co artigo 151.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e non foran declaradas desproporcionais ou anormais, atendendo ós criterios de adxudicación sinalados no pliego, e o artigo 151.2, que dispón que a adxudicación do contrato require a presentación polo adxudicatario proposto de determinada documentación.

Por medio da presente

RESOLVO

1.- Clasificar as proposicións presentadas por orde decrecente e atendendo ós criterios de adxudicación sinalados no pliego de cláusulas administrativas particulares, do seguinte xeito:

COVSA Construccións, Obras e Viais SA

- Importe: 68.6848,00 euros.
- Melloras: Non se ofertan.
- Ampliación prazo garantía: Non.
- Puntuación total: 0 puntos.

ARIAS HERMANOS SA

- Importe: 68.648,00 euros.
- Melloras: Non se ofertan.
- Ampliación prazo de garantía: Non.
- Puntuación total: 0 puntos.

SERCOYSA Proyectos y Obras SA

- Importe: 68.6848,00 euros.
- Melloras: Non se ofertan.
- Ampliación prazo garantía: 1 ano máis dos 2 anos sinalados no pliego de cláusulas administrativas particulares.
- Puntuación total: 5 puntos.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 – Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

2.- Requerir á entidade SERCOYSA Proyectos y Obras SA, por resultar a súa proposta a máis ventaxosa, para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES presente a seguinte documentación:

- Certificación administrativa acreditativa de que o licitador se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social, de conformidade co establecido no artigo 14 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

- Certificación administrativa acreditativa de que o licitador se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias.

- Xustificante de estar dado de alta e o corrente de pago no imposto de actividades económicas (IAE). Xustificarase co recibo de pagamento do imposto no exercicio correspondente acompañado dunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula deste, ou coa alta en Facenda no período correspondente ou ben con certificado da Facenda expedido para o efecto.

- Xustificante de constitución da garantía definitiva.

3.- O transcurso do citado prazo sen a presentación da documentación requirida entenderase como que o licitador retira a súa oferta, procedéndose neste caso a recabar a citada documentación do licitador seguinte e pola orde na que quedaran clasificadas as súas proposicións.

Na Illa de Arousa, a 05 de decembro de 2012.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. José Manuel Vázquez Vázquez